

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17 DE OUTUBRO DE 2017.

Alcalde Accidental:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

Ausentes:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Acordouse ratificar a urxencia.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 42 DA SESIÓN DE 9 DE OUTUBRO DE 2017.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 42/2017 do día 9 de outubro de 2017.

2.- EXPEDIENTE 4615/2017. LICENZA URBANÍSTICA.

Acordouse corrixir o erro material no informe técnico, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 09/10/17 (punto 10 da acta–exp. 4615/2017).

3.- EXPEDIENTE 4505/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse Aprobar o informe técnico municipal de data 13/10/17, información urbanística de dúas parcelas no lugar Cercio, parroquia de Cercio en Lalín.

4.- EXPEDIENTE 141/2017. RECOÑECIMENTO E ABONO DE (BIENIOS/TRIENIOS/ETC,) AO PERSONAL LABORAL DEL AYUNTAMIENTO.

Acordouse recoñecer con data 16 de outubro de 2017, a antigüidade que se indica a varios traballadores do Concello de Lalín.

5.- EXPEDIENTE 379/2017. CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA REALIZAR ACTUACÍONS NO AMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS.

Acordouse modificar a base cuarta das bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actuacións no ámbito dos servizos sociais quedando redactada da seguinte maneira: *serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra a entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017.*

6.- EXPEDIENTE 4725/2017. APROBACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS NO CONCELLO DE LALÍN 2017.

Quedou pendente para un mellor estudo.

7.- EXPEDIENTE 3946/2017. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Acordouse a non admisión do escrito a que se refire o antecedente 1º.

8.- EXPEDIENTE 3957/2017. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Acordouse desestimar a reclamación formulada polos motivos que se indican nos anteriores fundamentos de dereito.

9.- EXPEDIENTE 3502/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2017 DO CONVENIO DA AULA CEMIT.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos correspondentes ao terceiro trimestre de 2017 (entre o 01/07/2017 e o 30/09/2017), por importe de 5.252,51 €, que se corresponde co 75% do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín.

10.- EXPEDIENTE 3675/2017. SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 19/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 19/2017 con carácter provisional ata o 16/10/2018.

11.- EXPEDIENTE 3770/2017. SOLICITUDE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA Nº 20/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 20/2017 con carácter provisional ata o 16/10/2018.

12.- EXPEDIENTE 3967/2017. SOLICITUDE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA Nº 21/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 21/2017 con carácter provisional ata o 16/10/2018.

13.- EXPEDIENTE 4016/2017. SOLICITUDE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON

DISCAPACIDADE N° 22/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 22/2017 con carácter provisional ata o 16/10/2018 .

14.- EXPEDIENTE 4143/2017. SOLICITUDE DE REINTEGRO POR EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO DIXITAL.

Acordouse o reintegro da cantidade de 16,94 euros a unha traballadora municipal.

15.- EXPEDIENTE 4141/2017. SOLICITUDE DE REINTEGRO POR EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO DIXITAL.

Acordouse o reintegro da cantidade de 16,94 euros a unha traballadora municipal.

16.- EXPEDIENTE 4749/2017. PROPOSTA CONCELLEIRA DELEGADA PARA A XESTIÓN DO LALÍN ARENA.

Acordouse realizar unha campaña promocional consistente na exención da cota correspondente á matrícula (10 €) durante os vinte primeiros días do mes de novembro, coa finalidade de captar novos abonados.

17.- EXPEDIENTE 4677/2017. AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA REDE DE SUMIDOIROS EN ZOBRA.

Dáse conta do escrito presentado autorizando ao Concello de Lalín das tubarías e demais instalacións necesarias para a realización dunha rede de sumidoiros da parroquia de Zobra.

18.- EXPEDIENTE 4676/2017. AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA REDE DE SUMIDOIROS EN ZOBRA.

Dáse conta do escrito presentado autorizando ao Concello de Lalín das tubarías e demais instalacións necesarias para a realización dunha rede de sumidoiros da parroquia de Zobra.

19.- EXPEDIENTE 4613/2017. CORRECCIÓN DE ERROS.

Acordouse aprobar o informe elaborado polo arquitecto técnico

Antonio Bernárdez Nogueira, en data 06/10/2017.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:20 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.